

III CONCURSO ESCOLAR AGE

“Explica-Xeografía coas túas fotos”



O III Concurso Escolar da **Asociación de Geógrafos Españoles** (AGE) ten coma obxectivo espertar e fomentar o interese pola Xeografía no alumnado de ESO e Bacharelato. Este ano o tema é “Explica-Xeografía coas túas fotos”.

BASES:

1º. Concursarase mediante a presentación:

- Dunha **fotografía** ou dunha **montaxe fotográfica** en formato dixital dun tema xeográfico.
- Dunha **breve explicación** do tema xeográfico representado na fotografía que resulte clara e didáctica.

2º. Pode concursar **todo o alumnado de ESO e Bacharelato** dos centros de ensinanza do estado español. Os alumnos poden presentarse de xeito individual ou en equipo e só poderán concursar cunha foto ou montaxe fotográfica “Explica-Xeografía”.

3º. Os traballos, que deben ser **orixinais** e de **creación propia** dos autores, poden expresarse na lingua que o alumno seleccione e deben ter o visto bo dalgún profesor de Xeografía do centro educativo.

4º. Os traballos remitiranse por correo electrónico á Secretaria da **Asociación Española de Geógrafos** (age@cchs.csis.es). Enviaranse catro arquivos independentes:

1: Fotografía nun dos formatos seguintes: JPG, TIFF, PNG.

2: Lugar e data de realización da foto, con explicación do tema xeográfico fotografado (entre 60 e 120 palabras).

3: Nome e apelidos do autor/a; o curso e o centro educativo.

4: Nome e apelidos dun profesor/a de Xeografía do centro educativo que teña dado o visto bo a o traballo e que sirva de contacto coa organización, xunto coa súa dirección de correo electrónico.




5º. O prazo de presentación dos traballos comezará o 1 de decembro de 2014 e rematará o día 31 de marzo de 2015 ás 14 horas.

6º. O concurso consta de dúas fases:

1ª fase: concurso organizado polo **Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela**. Nesta fase realizarase unha selección das cinco mellores fotos “Explica-Xeografía” en función de criterios didácticos, de calidade e orixinalidade para participar na 2ª fase estatal. As cinco fotografías seleccionadas nesta fase recibirán un premio nun acto organizado polo Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela. A este acto serán invitados os gañadores así como os seus correspondentes profesores e familiares.

2ª fase: **concurso estatal** no que participarán as cinco mellores fotos “Explica-Xeografía” seleccionadas na 1ª fase en cada unha das comunidades autónomas participantes. Será o pleno da **Xunta Directiva da AGE** o encargado de seleccionar os tres mellores traballos, que recibirán un premio de 125€.



En ámbalas dúas fases as comisións organizadoras do concurso avaliarán os traballos a partir dos arquivos 1 e 2, garantindo así o seu anonimato.

7: As fotos gañadoras e as seleccionadas na primeira fase formarán parte dun documento gráfico que será difundido e enviado tanto aos Departamento de Xeografía universitarios coma aos centros educativos de ensinanza secundaria. Estes traballos poderán ser difundidos e utilizados pola AGE en diversa documentación relacionada coa ensinanza da Xeografía citando a súa autoría.

8: A participación supón a aceptación das bases do concurso.

Para calquera aclaración contactar con age@cchs.csis.es

